



## Curso “O profesional da psicoloxía: intervención de 4 horas nos cursos de sensibilización e reeducación vial”

### DOCENTE

Sebastià Sánchez Marín (C-7439).

### ORGANIZA

Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

### COORDINAN

Rosa M<sup>a</sup> Domínguez Cameán (G-1149) e Eva Muíño Gómez (G-1281).

### DURACIÓN

3 horas.

### DATA E HORARIO

Sábado, 1 de xuño de 2024.  
De 09:30 a 11:00 horas y de 11:30 a 13:00 horas.

### MODALIDADE

Online. Plataforma de teleformación Moodle do COPG e Zoom.

### PRAZAS

100.

### PREZOS

Membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4<sup>o</sup> curso do grado de psicoloxía ou master ou doutoramento en psicoloxía.....5,00€  
Psicólogos/as colexiados/as.....10,00€  
Psicólogos/as non colexiados.....20,00€

\*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:  
[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas\\_formacion\\_para\\_colexiados\\_e\\_colexiadas.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf)



## Curso “O profesional da psicoloxía: intervención de 4 horas nos cursos de sensibilización e reeducación vial”

### PROGRAMA

De 09:30 a 11:00 horas.

#### 1.Introdución. O permiso de conducir por puntos en España.

1.1. De onde vimos? Funcións, tarefas e competencias do profesional da psicoloxía en cursos de permiso de conducir por puntos (PXP). Orde INT/2596/2005, de 28/7 xullo.

1.2. Onde estamos?

1.3. Onde debemos ir?

#### 2.Protocolo de intervención do profesional da psicoloxía en cursos de permiso por puntos.

2.1. Xustificación do protocolo de intervención.

2.2. Consideracións previas.

2.3. O modelo de cambio de actitudes.

2.4. Factores a traballar co alumnado do curso durante a intervención do profesional da psicoloxía nos cursos PXP: conciencia de risco; vulnerabilidade; responsabilidade; compromiso de cambio; motivación e planificación.

#### 3.Desenvolvemento da sesión.

3.1. Encontro co formador/a (antes de entrar na aula).

3.2. Presentación do psicólogo/a no grupo clase, obxectivos da sesión e motivación.

3.3. Inicio da Dinámica.

3.3.1. Como xerar un clima adecuado na aula.

3.3.2. Preguntas grupais e individuais relacionadas con cada un dos 6 factores que compoñen o protocolo de intervención.

3.3.3. Finalización e peche da sesión do/a psicólogo/a na aula.

De 11:00 a 11:30 horas. Descanso

De 11:30 a 13:00 horas.

#### 4.Entrevista do psicólogo/a e formador/a cos posibles suspensos.

#### 5.Reunión co/a formador/a para realizar o informe de avaliación final.

#### 6.Rexistro de sesión e elaboración de informes.

#### 7.Exposición de casos.

### OBXECTIVOS

- Coñecer os procedementos que se levan utilizando en Cataluña dende que se empezaron a impartir estes cursos.
- Afondar na busca dunha forma profesional de proceder para intervir na suposta de ampliación da intervención das/os profesionais da psicoloxía dentro deste formato.
- Comprender as casuísticas, características, necesidades e dificultades e cambio de aptitudes que cada asistente deberá afrontar despois de realizar esta formación.
- Demostrar que é posible facer o cambio de actitudes ó volante ca exposición de casos.



## Curso “O profesional da psicoloxía: intervención de 4 horas nos cursos de sensibilización e reeducación vial”

### METODOLOXÍA

Expositiva, alternando con análise de casos reais.

### DOCENTE

#### **SEBASTIÀ SÁNCHEZ MARÍN (C-7439).**

Psicólogo especialista en psicoloxía clínica, máster en psicoloxía clínica e da saúde e doutor en ciencias da educación. As súas primeiras liñas de traballo e investigación están relacionadas coa investigación e a intervención no ámbito da mobilidade segura e responsable.

É investigador da Cátedra de Formación e Educación Vial da UAB (Universidade Autónoma de Barcelona) e membro do equipo de Investigación en Educación e Seguridade Viaria (ERESv) da mesma universidade.

Como psicólogo e profesor da Universidade Autónoma de Barcelona, realizou diversas publicacións (artigos e libros) asociados coa avaliación, diagnóstico e tratamento da amaxofobia (medo a conducir); a relación entre personalidade, factores de risco e conductores infractores).

É coautor do programa de sensibilización e reeducación vial para infractores por unha mobilidade segura que se utiliza en Cataluña nos cursos de recuperar puntos e/ou permiso de conducir.



## Curso “O profesional da psicoloxía: intervención de 4 horas nos cursos de sensibilización e reeducación vial”

### INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG ([copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

**Último día de inscrición: 29 de maio de 2024.**